

**ORDENANZA FISCAL Nº 11**

**REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS**

**PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS**

(BOP número 286, do 15 de decembro de 2006)  
(BOP número 286, do 13 de decembro de 2007)  
(BOP número 290, do 18 de decembro de 2008)  
(BOP número 236, do 14 de decembro de 2011)  
(BOP número 237, do 13 de decembro de 2012)  
(BOP número 238, do 16 de decembro de 2013)  
(BOP número 242, do 18 de decembro de 2014)

**Artigo 1.- Concepto.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto no artigo 132 en relación co artigo 20 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, a Deputación Provincial da Coruña establece a taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

**Artigo 2.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación de servizos polos establecementos provinciais de Servizos Sociais.

**Artigo 3.- Suxeito pasivo**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

**Artigo 4.- Devengo.**

A taxa devengarase por cada día de prestación do feito imponible.

**Artigo 5.- Cota tributaria**

1. Cando se trate de servizos que lles corresponda prestar a entidades con competencias en servizos sociais para menores e soliciten os ditos servizos desta Deputación para seren prestados nos seus centros, en ningunha das modalidades de contratación previstas na lexislación de contratos do sector público, fíxanse as tarifas seguintes:

- Fogares infantís e xuvenís:

a) Internos, cada un ao día ..... 130,65 €

b) Fogar de día:

b.1.- Integral 98,00 €

b.2.- Básico 39,25 €

2. Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

### **Artigo 6.- Liquidación, recadación e xestión**

1. A obriga de pagar nace desde que se inicia a prestación do servizo.

2. A liquidación de tarifas levarase a cabo pola Sección de Recursos Propios, que a realizará mensualmente.

3. No entanto, de conformidade co establecido no artigo 27.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, poderán establecerse convenios de colaboración, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas de aquelas, ou os procedementos de liquidación ou recadación.

4. O presidente da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta ordenanza.

### **Artigo 7.- Remisión á Ordenanza fiscal xeral.**

En todo o non especialmente establecido nesta ordenanza, estarase ao disposto na Ordenanza fiscal xeral.

**Disposición transitoria.-** Para o curso escolar 2006/2007 no Colexio Calvo Sotelo será de aplicación a Ordenanza fiscal nº 11 aprobada polo Pleno do 23 de decembro de 1998, así como as súas modificacións posteriores aprobadas mediante acordos plenarios do 29/10/1999, 27/10/2000, 26/10/2001, 25/10/2002, 30/01/2004, 28/10/2004 e 27/10/2005.

**Disposición derogatoria.-** Salvo o disposto na disposición transitoria, á entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a Ordenanza fiscal nº 11 aprobada polo Pleno do 23 de decembro de 1998, así como as súas modificacións posteriores aprobadas mediante acordos plenarios do 29/10/1999, 27/10/2000, 26/10/2001, 25/10/2002, 30/01/2004, 28/10/2004 e 27/10/2005.

**Disposición final.-** A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2007, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**Dilixencia.-** A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña o día 26 de outubro de 2006.

---

- Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2007 (BOP núm. 286 con data do 13 de decembro de 2007) foi modificado o artigo 5. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2008.
- Por acordo plenario celebrado o día 31 de outubro de 2008 (BOP núm. 290 con data do 18 de decembro de 2008) foi modificado o artigo 5. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2009.
- Por acordo plenario celebrado o día 28 de outubro de 2011 (BOP núm. 236 con data do 14 de decembro de 2011) foi modificado o artigo 5. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2012.
- Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2012 (BOP núm. 237 con data do 13 de decembro de 2012) foi modificado o artigo 5. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2013.
- Por acordo plenario celebrado o día 25 de outubro de 2013 (BOP núm. 238 con data do 16 de decembro de 2013) foi modificado o artigo 5. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2014.
- Por acordo plenario celebrado o día 31 de outubro de 2014 (BOP núm. 242 con data do 18 de decembro de 2014) modificáronse os artigos 3, 5 e 6. Estas modificacións entran en vigor o 1 de xaneiro de 2015.